

O XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 1 DE VERÍN ACORDA  
INCOAR DILIXENCIAS PREVIAS PARA INVESTIGAR OS ACCIDENTES DE  
TRABALLO NAS OBRAS DO AVE

---

A titular do Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 1 de Verín ven de tomar a decisión, por Auto do día 29/01/18, de incoar Dilixencias Previas para a investigación dos accidentes de traballo na liña do AVE, en base á denuncia interposta pola Unión Local da CIG de Verín e A Limia no seu día.

Entende a xuíza, Loreto Carro Márquez, no FD 1º do seu Auto, que os feitos denunciados pola central sindical “*presentan características que hacen presumir la posible existencia de delito de CONTRA LOS DERECHOS DE LOS TRABAJADORES, cuya instrucción corresponde a este órgano judicial, según los artículos 14.2 y 15 de la Ley de Enjuiciamiento Criminal, y demás normativa concordante*”

Ademais, ordena a xulgadora, como primeira Dilixencia a practicar, que se requira á Inspección de Traballo e Seguranza Social d'Ourense para que remita ao Xulgado copia dos expedientes tramitados e actas de inspección e/ou infracción levantadas con ocasión dos accidentes de traballo que se indican na denuncia.

A partires da incoación das Dilixencias de Investigación a CIG, que fai parte do proceso en cualidade de acusación popular, solicitará á instrutora a práctica de novas dilixencias de investigación que se irán dando a coñecer no seu momento, entre as que van estar a citación a prestar declaración dos responsábeis das UTEs adxudicatarias dos treitos do AVE en Ourense e, mesmo, os responsábeis do Ministerio de Fomento.

**En Verín, a 1 de Febreiro do 2018.**

**Asdo. Plácido Valencia Rodríguez**  
**Secretario Nacional da Federación da Construción da CIG**